

**ACORDO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN  
UNIVERSITARIA, AS ORGANIZACIÓNS PATRONAIS E SINDICAIS DA ENSINANZA  
PRIVADA CONCERTADA DE GALICIA, SOBRE O MANTEMENTO DE EMPREGO NO  
SECTOR.**

Desde o ano 1992 a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, as Organizacións Patronais e as Organizacións Sindicais do ensino privado concertado adoptaron unha serie de medidas a prol do mantemento do emprego no sector do ensino privado concertado en Galicia.

As diversas circunstancias actuais que concorren no ámbito educativo, fan urxente volver formalizar un acordo de mantemento de emprego. A finalidade primeira deste acordo debe ser a de evitar a perda de postos de traballo, ben tratando de manter unidades, ben recolocando ao profesorado afectado coa perda do seu posto de traballo por medidas como o descenso das matriculacións como consecuencia da evolución da natalidade, da execución das ordes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria polas que se aproban ou modifican os concertos educativos na Comunidade Autónoma de Galicia ou das derivadas das modificacións curriculares que teñen a súa orixe na implantación da LOMLOE. O obxectivo será garantir a continuidade laboral do profesorado afectado e preservar a experiencia acumulada por estes docentes

Dado que as circunstancias actuais presentan características diferentes a aquelas nas que se formalizaron os anteriores acordos, é imprescindible incorporar novos elementos a un acordo de emprego que aspire a ser unha ferramenta útil e eficaz nese cometido. É, tamén, unha oportunidade para, ao abeiro das medidas que se propoñen, avanzar na mellora da calidade do sistema educativo.

A Consellería de Educación, as organizacións patronais e as sindicais, asumen o compromiso e obriga de considerar como acción preferente a recolocación do profesorado afectado nos termos acordados neste documento.

Movidos por eses obxectivos e logo da negociación desenvolta no marco da Comisión Tripartita do Ensino Concertado, as partes conveñen en subscribir o presente

## **CLÁUSULAS DO ACORDO**

### **Primeira. Obxectivo do Acordo.**

Son obxectivos fundamentais do presente acordo mellorar a calidade educativa, garantir a estabilidade do emprego no sector coa recolocación e incrementar progresivamente os equipos docentes dos centros a través do aumento da rateo docente / unidade, preservando a experiencia do profesorado afectado pola perda do seu posto de traballo.

### **Segunda. Vixencia.**

O presente Acordo de Mantemento de Emprego rematará a súa vixencia o 31 de decembro de 2025, prorrogándose anualmente a partir desa data ata que se firme un novo acordo.

Se durante a súa vixencia se producisen cambios legislativos que afecten ao contido deste Acordo, as partes reuniranse para adecualo á nova situación

### **Terceira. Ámbito.**

O presente Acordo será de aplicación:

- a) ao profesorado dos centros docentes privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia incluído no sistema de pago delegado.
- b) ao persoal complementario de educación especial que posúa as condicións de titulación e habilitación para impartir docencia nos centros concertados.
- c) ao profesorado cooperativista que cumpra coas condicións a), b), deste punto primeiro e e), do punto quinto

### **Cuarta. Opcións do persoal afectado pola redución extinción ou transformación do concerto.**

O persoal docente afectado poderá optar polas seguintes vías excluíntes entre si:

- Percibir a indemnización que legalmente lle corresponda.
- Inclusión no censo de recolocación, de acordo co previsto no presente acordo.

### **Quinta. Incorporación do profesorado ao Censo.**

O profesorado ao que se lle extinga o contrato como consecuencia da modificación do concerto educativo poderá solicitar a incorporación ao Censo sempre que reúna os seguintes requisitos:

- a) Solicitar a inclusión no Censo, Os solicitantes presentaran a súa solicitude de inclusión no censo diante de (Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos) segundo o modelo que figura no anexo I no prazo no prazo de 15 días naturais a partir do día seguinte á recepción da carta de despedimento.
- b) Estar incluído na nómina de pagamento delegado ou en excedencia forzosa, especial ou voluntaria segundo os supostos previstos no convenio colectivo ou na lexislación vixente.
- c) Deberá ter contrato indefinido no momento da supresión da unidade concertada.
- d) Ter un horario non inferior ao 30% da xornada lectiva semanal
- e) Poderán solicitar a incorporación ao censo de afectadas/os aqueles docentes que teñan unha xornada lectiva inferior ao 30% no momento da extinción do seu contrato, sempre que dita xornada fose consecuencia dunha diminución progresiva de horas lectivas debida á supresión de unidades concertadas nos dous cursos anteriores á entrada en vigor deste acordo. Neste caso terase en conta a xornada que impartía con anterioridade á diminución de horas lectivas.

### **Sexta. Procedemento de inclusión no Censo.**

1º Aceptación da recolocación. Se o profesorado afectado acepta a carta extintiva do contrato de traballo, pero rexeita aceptar a indemnización para acollerse ao procedemento que se regula neste acordo, deberá asinar o documento do anexo II.

2º.- A entidade titular do centro afectado pola modificación ou extinción do seu concerto deberá remitir á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos os datos da persoa ou persoas afectadas pola extinción do seu contrato de traballo. No caso de que poida permanecer no propio centro, deberá comunicar dita circunstancia.

3º.- A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos dará traslado da solicitude á Comisión de seguimento do presente acordo, a cal comprobará se se cumpren os requisitos esixidos para a inclusión da persoa no Censo de Profesoras/es Afectadas/os.

4º.- A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos realizará as xestións necesarias para a resolución dos correspondentes expedientes á maior brevidade posible.

5º.- A Comisión de Seguimento fará pública a listaxe do profesorado incluído no Censo que se publicará na web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

### **Sétima. Indemnización para o persoal docente afectado pola perda de unidades concertadas.**

As indemnizacións legais previstas na normativa vixente ás que tiveran dereito as persoas traballadoras que vexan extinguido o seu contrato de traballo serán abonadas polos centros. A Consellería de Educación asumirá e abonará aos centros as cantidades de ditas indemnizacións sempre e cando:

- a) O centro tivera solicitado a renovación do concerto para o curso seguinte e non se producira a renovación parcial ou total do mesmo.
- b) O traballador fora incluído no Censo e permaneza nel máis de 18 meses sen ser contratado en centros concertados. Este prazo será interrompido durante o tempo no que o traballador subscriba un contrato temporal en calquera centro concertado.
- c) O profesorado rexeite a súa inclusión no Censo. Neste caso percibirá a indemnización que lle corresponde nos prazos legalmente establecidos.

### **Oitava. Exclusión do censo.**

A exclusión do Censo producirase por algunha das seguintes causas:

- a) Petición propia mediante escrito presentado por rexistro ou sede electrónica dirixido á Dirección Xeral de Centros.
- b) Chegar á idade de xubilación e reunir os requisitos para acceder á mesma.
- c) Ser contratada/o noutro centro de traballo, docente, en similares condicións laborais que a persoa traballadora tivese no momento da extinción do seu contrato de traballo no centro de procedencia.
- d) Ser contratado en dous centros de traballo da mesma localidade con contrato de carácter indefinido e que a suma das xornadas sexa de 25 horas lectivas.
- e) A realización de substitucións temporais, mentres non se produza a recolocación definitiva, non suporá a perda de ningún tipo de dereitos na lista de recolocación e, cando remate a substitución temporal, poderá volver a ser incluído na bolsa de recolocación no posto que xa tiña.
- f) Rexeitar a contratación a xornada completa e de carácter indefinido en calquera centro educativo da Comunidade Autónoma, agás cando este se atope nun radio

superior aos 75 kilómetros desde o domicilio do afectado. Se o traballador ten fillos menores ou familiares a cargo que non poidan valerse por si mesmos, a distancia será de 50 kilómetros.

- g) Tampouco serán excluídos do Censo os traballadores e traballadoras que tiveran unha xornada parcial de menos de 18 horas e rexeiten unha xornada inferior ás 18 horas nun centro situado á máis de 75 km do seu domicilio.
- h) Percibir a indemnización que legalmente lle corresponde por extinción do seu contrato agás naqueles casos nos que o profesorado por vontade propia extinguiña o seu contrato de traballo como consecuencia dunha modificación substancial das súas condicións de traballo.
- i) Non acreditar, en tempo e forma, a documentación que lle sexa requirida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, salvo causa maior debidamente xustificada.
- j) Aqueloutras causas que a Comisión de seguimento considere

### **Novena. Medidas de mantemento de emprego e recolocación.**

Os asinantes do presente acordo comprométese a poñer en marcha as medidas que faciliten a recolocación do profesorado nos postos de traballo que se xeren e promovan por algunha das seguintes causas e no camiño dunha equiparación coa pública:

- A) Incremento de rateo profesor/unidade nos centros que contraten profesorado do censo nas seguintes porcentaxes:
  - a) Os centros que impartan E. Especial poderán incrementar a rateo profesor/unidade da actual 1,12:1; ata → 1,32:1.
  - b) Os centros que impartan E. Infantil, poderán incrementar a rateo profesor/unidade da actual 1,08:1 ata → 1,32:1.
  - c) Os centros que impartan E. Primaria poderán incrementar a rateo profesor/unidade da actual 1,40:1 (unha liña) 1,36:1 (dúas ou máis liñas) ata → 1,52:1 e 1,48:1 respectivamente.
  - d) Os Centros que imparten 1º, 2º e 3º de Educación Secundaria Obrigatoria poderán incrementar a súa rateo da actual 1,56:1 (unha liña) 1,52:1 (dúas ou máis liñas) ata → 1,80:1 e 1,76:1.
  - e) Os Centros que imparten 4º de Educación Secundaria Obrigatoria poderán incrementar a súa rateo 1,84:1 (unha liña), 1,66:1 (dúas ou máis liñas) ata 1:92:1 e 1,74:1.
  - f) Os centros que imparten Formación Profesional Básica poderán incrementar a súa rateo 1,84:1 (unha liña), 1,66:1 (dúas ou máis liñas) ata 1:92:1 e 1,74:1.

g) Os centros que impartan Ciclos Formativos poderán incrementar a seu rateo ata 1,80:1.

B) Reposición dos acordos de xubilación parcial. A Consellería de Educación promoverá a xubilación parcial do persoal en pagamento delegado. O profesorado en pagamento delegado que cumpra cos requisitos legalmente establecidos, poderá acceder á xubilación parcial e reducir a súa xornada entre o 28% e o 72%. A xubilación parcial levará aparellado un contrato de relevo de duración indefinida e a xornada completa. A Consellería de Educación financiará os gastos das nóminas e das cotizacións sociais do relevista e do relevado.

Estes incrementos de rateo serán destinados á mellora da calidade do ensino mediante o incremento dos equipos docentes, orientación educativa, atención a alumnado con Necesidades Educativas Especiais, redución horaria a coordinación, xefaturas de departamento, consello escolar, inclusión no pagamento delegado de horas para outros profesionais como PT, AL, profesores de conversa, etc

C) Redución rateo alumno/unidade.

D) Redución da xornada lectiva ao profesorado.

#### **Décima. Obrigas dos centros na recolocación de docentes do Censo.**

1. As disposicións recollidas neste acordo obrigan a todos os centros concertados da comunidade autónoma galega a partir do curso 2022 / 2023.)
2. Os centros deberán contratar profesorado do Censo como primeira opción para cubrir os postos de traballo sinalados no punto noveno, así como de nova creación, e manter os criterios de prioridade na contratación recollidos no artigo décimo cuarto, sempre e cando posúan a titulación e habilitación requiridas.
3. Naqueles centros aos que se lle reducen unidades concertadas como consecuencia das ordes, polas que se aproban ou modifican os concertos educativos, o profesorado afectado poderá continuar no mesmo centro, sempre e cando non se supere o rateo profesor/a/unidade establecida para cada nivel educativo establecido no punto noveno A).

#### **Undécima. Penalizacións por incumprimento do acordo**

1. Os centros que incumpran este acordo ou non respecten os seus termos, incurrirán en incumprimento grave de concerto o que dará lugar á sanción tipificada no artigo 62.5 da LODE.
2. profesorado que incumpra o disposto neste acordo serán excluídos do Censo de profesores e profesoras.
3. Serán considerados nulos os despedimentos do profesorado recolocado que sexan declarados improcedentes por sentenza da xurisdición competente.

#### **Duodécima. Extinción dos contratos e mantemento da estrutura pedagóxica**

Nos supostos de redución total ou parcial de equipos docentes como consecuencia dunha resolución administrativa de redución, extinción ou transformación do Concerto Educativo, o centro terá en conta, con motivo da extinción do contrato de traballo do persoal afectado polo presente Acordo, a prioridade na extinción dos contratos que será a seguinte:

- 1º Aquel que o solicite voluntariamente.
- 2º O que teña contrato temporal.
- 3º O de menor antigüidade no centro.

No caso dos delegados de persoal estarase ao establecido na lexislación vixente.

Pese ao sinalado no parágrafo anterior, as extincións dos contratos non afectarán á estrutura pedagóxica do centro garantíndose a implantación completa do vixente plano de estudos - Polo tanto, se o profesorado ao que se lle tivese que extinguir o contrato en aplicación dos criterios de prioridade establecidos, estivese en posesión dalgunha das titulacións, habilitacións ou competencias imprescindibles para a organización pedagóxica do centro, pasarase ao seguinte docente en aplicación dos criterios anteriores.

#### **Décimo terceira. Regulación do Censo.**

O persoal da bolsa de recolocación será ordenado establecendo unha orde de prelación con arranxo ao maior tempo traballado no ensino concertado expresado en anos, meses e días. No caso de empate tomarase como criterio o maior número de horas de xornada laboral, recoñecidas no contrato inmediatamente anterior á extinción da relación laboral. De persistir o empate terá prioridade o que posúa maior número de habilitacións.

De persistir a igualdade, será a Comisión de seguimento a que resolva

#### **Décimo cuarta. Preservación de dereitos.**

1. O profesorado que se recolocase en virtude do presente Acordo pasará a formar parte, a tódolos efectos, do cadro de persoal do centro.
2. Ao profesorado que se recolocase nun centro distinto ao de procedencia, recoñeceráselle pola empresa titular do centro e a Consellería de Educación, o complemento económico pola antigüidade devengada no centro de procedencia, que se actualizará de acordo coas táboas salariais vixentes.

Así mesmo ese recoñecemento da antigüidade será tido en conta a efectos da paga de antigüidade ou calquera outro complemento vinculado ao tempo de exercicio profesional

3. O profesorado recolocado que teña habilitación para impartir no propio centro manterá esa habilitación no centro de destino. O profesorado ao que se lle extinguirose o seu contrato de traballo e que reunindo os requisitos para inscribirse no Censo, non o fixera, se posteriormente fose contratado nun centro concertado, non poderá beneficiarse das medidas do presente acordo.
4. Respectaranse os rateos máximos acadados por centros concertados receptores de profesorado afectado ao abeiro de acordos anteriores.

#### **Décimo quinta. Comisión de seguimento.**

1.-Constituirase unha Comisión de Seguimento do acordo formada por:

- A persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos ou aquela en quen delegue, en quen recaerá a Presidencia.
- A persoa titular da Subdirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

- Unha persoas representante de cada unha das organizacións sindicais negociadoras do Acordo.
- Unha persoas representantes de cada unha das organizacións patronais ou de titulares negociadoras do Acordo.
- Un funcionaria/o da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como secretaria/o de actas, sen dereito a voto.

### **Décimo sexta. Competencias da Comisión de seguimento**

1. A finalidade desta Comisión é velar polo cumprimento do previsto neste Acordo, así como responsabilizarse do control e publicidade do procedemento que deberán seguir as entidades titulares dos centros e o profesorado afectado pola redución total ou parcial das unidades concertadas.

Entre outras, a Comisión de Seguimento terá as seguintes funcións:

- a) Acordar o seu propio funcionamento.
- b) Todas as accións relacionadas coa interpretación e aplicación deste Acordo.
- c) O seguimento do censo de centros e unidades afectadas.
- d) A Xestión e organización do procedemento de recolocación do profesorado afectado
- e) Facilitar información ao profesorado afectado e ás entidades titulares dos centros
- f) Negociar as adaptacións do texto do Acordo.

2. As decisión da Comisión de Seguimento adoptaranse de acordo ás seguintes regras:

- a) A Administración corresponderalle o 50% do voto:
- b) As organizacións sindicais o 25%
- c) As organizacións patronais o restante 25%

Os votos das organizacións patronais e sindicais adoptaranse, dentro de cada sector, de acordo coas regras da representatividade.

Os acordos adoptaranse por maioría da Comisión.

3. As discrepancias na interpretación do contido do presente Acordo resolveranse pola Comisión de Seguimento. En caso de conflito entre as partes que non poida ser resolto pola Comisión, dado o carácter administrativo do presente Acordo, coñecerá a Xurisdición Contencioso-administrativa da súa interpretación e efectos.

### **Disposición adicional primeira.**

1. As Organizacións Patronais e os Titulares comprométense a informar, promover e garantir que a contratación do persoal docente para cubrir os postos de traballo que se refiren no apartado noveno deste Acordo, se leve a cabo entre o profesorado incluído no Censo; para iso comunicaran á Comisión de Seguimento a información sobre as vacantes que por distintos motivos se produzan nos centros. Tamén comunicarán á Comisión de Seguimento os casos da non contratación do profesorado afectado que puideran producirse e, no seu caso, as razóns alegadas pola titularidade do centro.

2. As organizacións sindicais asinantes deste Acordo comprométense a poñer en coñecemento dos afectados os termos do mesmo e a facilitar a tramitación dos expedientes para a amortización dos postos de traballo.

**Disposición adicional segunda.**

Quedan excluídos deste Acordo os seguintes supostos:

- a) O cese de actividade ou renuncia ao concerto por solicitude da titularidade do centro.
- b) A solicitude de diminución de unidades concertadas tramitada pola titularidade do centro
- c) Aquelas imputables a responsabilidade exclusiva da titularidade do centro.

**Disposición adicional terceira.- Eficacia do Acordo**

A eficacia deste Acordo queda supeditada á tramitación legalmente necesaria e, en concreto, á aprobación polo Consello da Xunta.

Para que así conste, asinan este acordo en Santiago de Compostela o día ..... de 2022



## ANEXO I

SOLICITUDE DE INCORPORACIÓN AO CENSO DE PROFESORADO AFECTADO  
POLA REDUCIÓN OU MODIFICACIÓN DOS CONCERTOS EDUCATIVOS PARA O  
CURSO 202\_/202\_

### DATOS PERSOAIS

|                                      |            |                 |
|--------------------------------------|------------|-----------------|
| 1º APELIDO                           | 2º APELIDO | NOME            |
| Data de nacemento ____ / ____ / ____ |            | Teléfono _____  |
| Domicilio _____                      |            |                 |
| Localidade _____                     | CP _____   | Provincia _____ |
| SS. _____                            |            |                 |

### SOLICITO:

A miña incorporación ao Censo de profesorado afectado, segundo o disposto no punto quinto do Acordo entre as Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e as organizacións sindicais e patronais máis representativas do ensino concertado para o mantemento de emprego no sector do ensino privado concertado

### DATOS ACADÉMICOS E LABORAIS

|   |
|---|
| ÚLTIMO CENTRO CONCERTADO NO QUE TRABALLEI |
| _____                                     |
| Domicilio do Centro _____                 |
| Localidade _____ CP _____ Provincia _____ |
| Antigüidade no último centro _____        |
| Titulacións _____                         |
| _____                                     |
| Especialidades _____                      |
| Áreas ou materias impartidas _____        |
| _____                                     |
| Habilitacións _____                       |

|             |
|-------------|
| <hr/> <hr/> |
|-------------|

CONTRATO DE CARÁCTER (1) \_\_\_\_\_

TIPO DE XORNADA NO ÚLTIMO CENTRO \_\_\_\_\_

| NIVEL                      | COMPLETA | PARCIAL | HORAS LECTIVAS |
|----------------------------|----------|---------|----------------|
| E. INFANTIL                |          |         |                |
| E. ESPECIAL                |          |         |                |
| E. PRIMARIA.               |          |         |                |
| ESO                        |          |         |                |
| FPB                        |          |         |                |
| PERSOAL COMPLEMENTARIO E.E |          |         |                |

(1) FIXO/TEMPORAL

Comprométome a xustificar documentalmente os datos rexistrados. No suposto de que incurrise en falsidade, quedarei excluído dos dereitos recollidos neste Acordo

Autorizo a publicación dos meus datos persoais, laborais e académicos a efectos de posibles recolocacións. Estes datos apórtansen conforme ao disposto pola normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_\_

Este impreso deberá ser remitido a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

Edificio Administrativo San Caetano, Rúa de San Caetano, s/n, 15704 Santiago de Compostela, A Coruña

## ANEXO II

### MODELO DE CARTA DE EXTINCIÓN DO CONTRATO POR CAUSAS OBXECTIVAS

D./Dña. \_\_\_\_\_

Domicilio \_\_\_\_\_ Localidade \_\_\_\_\_

CP \_\_\_\_\_ Provincia \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

DECLARO:

Que con data \_\_\_\_\_ a empresa comunicoume a extinción da miña relación laboral alegando causas obxectivas derivadas da redución de unidades concertadas comunicada pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Comunicame que a indemnización que me corresponde ascende a \_\_\_\_\_ €.

Púxose á miña disposición o importe que nesta carta se sinala como indemnización, e rexeito aceptala porque me acollo á regulación contida no Acordo de Mantemento do Emprego en vigor publicado en DOG de data XXX.

*Se no prazo de 18 meses non son recolocado, podo optar a permanecer na bolsa ou a que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades me aboe a cantidade correspondente á indemnización que agora rexeito.”*

Comprométome a xustificar documentalmente os datos rexistrados. No suposto de que incurrise en falsidade, quedarei excluído dos dereitos recollidos neste Acordo

Autorizo a publicación dos meus datos persoais, laborais e académicos a efectos de posibles recolocacións. Estes datos apórtansen conforme ao disposto pola normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

### ANEXO III

#### MODELO DE COMUNICACIÓN AO TRABALLADOR DA EXTINCIÓN DO DO SEU CONTRATO ALEGANDO CAUSA ECONÓMICA

D./Dna. \_\_\_\_\_

Domicilio \_\_\_\_\_

Localidade \_\_\_\_\_ CP \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Mediante a orde da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades de \_\_\_\_\_ a este centro comunicouse a modificación do concerto educativo que tiña suscrito co mesmo, diminuíndo as unidades que tiña concertadas ao comezo do curso 202\_\_/202\_\_ en \_\_\_\_\_ unidades.

Con tal motivo existe a necesidade acreditada de amortizar o seu posto de traballo ao concorrer causa económica segundo o previsto no apartado c) do artigo 52 do Estatuto dos Traballadores en relación co artigo 51.1 do mencionado Estatuto segundo a redación do RDL. 3/2012, de 10 de febreiro.

Ao respecto da causa alegada, debo facer constar que este Centro está acollido ao réxime de concertos educativos, recollidos no Título IV da LODE, que ten por obxecto garantir que se imparta de xeito gratuito a educación básica obrigatoria en centros privados, mediante a asignación de fondos públicos pola Administración.

Tendo en conta que pola impartición das ensinanzas de nivel educativo obxecto do concerto non se poderá percibir contrapartida económica algunha, esta empresa non pode manter o seu posto de traballo, ao non contar con financiación para o mesmo

En previsión desta causa, subscribiuse un acordo entre as Organizacións sindicais e patronais do ensino privado concertado e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Segundo a prelación establecida no Acordo para determinar a extinción de contratos Vd

- Aceptou voluntariamente que se procedese ao seu cese
- Ten un contrato temporal.
- É o profesor/a con menor antigüidade no centro
- A pesar de ter máis antigüidade que

D. \_\_\_\_\_

Dna. \_\_\_\_\_

carece da especialidade necesaria para que o centro poida impartir o plano de estudos vixente

- Que inda tendo a mesma antigüidade que

D. \_\_\_\_\_

Dna. \_\_\_\_\_

ten/teñen fillos menores de idade ao seu cargo

- Que inda tendo unha antigüidade superior a de

D. \_\_\_\_\_

Dna. \_\_\_\_\_

non ten a condición de representante dos traballadores que si ten el.

De acordo co exposto, por medio desta carta comunicámoslle a extinción da súa relación laboral con esta empresa con efectos do día \_\_\_\_\_

